



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 26 DE MAIO DO 2022.**

**Sesión 09/2022-P**

<p style="text-align: center;"><b><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></b></p> <p style="text-align: center;"><b><u>PRESIDENTE</u></b></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p style="text-align: center;"><b><u>CONCELLEIROS</u></b></p> <p>D<sup>a</sup> María Pilar Taibo Fernández (SM) D. Xosé Fernando Fariña Andrade (SM) D<sup>a</sup> Rebeca Mouriño Neira (SM) D<sup>a</sup> Ana Paola Mondaca González (SM) D. María Luísa Rúa Prieto (SM) D<sup>a</sup> María Soraya Salorio Porral (PP) D<sup>a</sup> María José García Freire (PP) D. José Luis Tellado Villares (PP) (auséntase ás 21:40 horas) D. José Luis García Pazos (PP) D. Alberto Manuel García Cotelo (PP) D<sup>a</sup> María Pardo Fafián (PSOE) D<sup>a</sup> Isabel Reimúndez Suárez (BNG) (abandona o seu sitio no salón de plenos ás 20:05 h e o salón de plenos ás 20:15 h) D<sup>a</sup> Laura Rodríguez Pena (BNG) D<sup>a</sup> María Nogareda Marzoa (AV) D. Breogán Blanco González (AV)</p> <p style="text-align: center;"><b><u>NON ASISTE</u></b></p> <p>D. Ramiro Blanco Montero (PSOE) (con escusa)</p> <p style="text-align: center;"><b><u>INTERVENTOR</u></b></p> <p>D. Jaime Presas Beneyto</p> <p style="text-align: center;"><b><u>SECRETARIA</u></b></p> <p>D<sup>a</sup> María del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 26 de maio do 2022, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte orde do día.</p>
---	---

**ORDE DO DÍA:**

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todas e a todos a este Pleno ordinario do mes de maio do 2022 do Concello de Sada, convocado para ter lugar no Salón dos Plenos.

**1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (sesións núms. 05, 07 e 08/2022).**

Pola Presidencia preguntáse aos membros da Corporación asistentes se teñen que formular algunha observación ás actas das sesións núms. 05, 07 e 08/2022, respectivamente do 31 de marzo, 28 de abril e 23 de maio; non habendo intervencións, apróbanse por unanimidade dos presentes as ditas actas, ordenando a súa



transcrición ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

## 2º.- RENUNCIA O CARGO DE CONCELLEIRA DE D<sup>a</sup> ISABEL REIMÚNDEZ SUÁREZ (BNG).

Ponse en coñecemento do plenario a renuncia da concelleira D<sup>a</sup> Isabel Reimúndez Suárez, do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG), quedando enterados os Sres. Concelleiros.

Despídese a propia sra. Reimúndez, quen abandona a sesión logo da súa intervención. Intervenien tamén as sras. Nogareda Marzoa (AV); Rodríguez Pena (BNG); Pardo Fafián (PSOE); Salorio Porral (PP); o sr. Fariña Andrade (SM) e o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

## 3º.- POS+2022 SOLICITUDE XERAL.- APROBACIÓN PROXECTO CORRIXIDO INVESTIMENTO SENDA PEONIL VEIGUE E ACTUALIZACIÓN PREZOS PROXECTO RENOVACIÓN P. VILLANUEVA.

A Comisión Informativa Xeral, na súa sesión núm. 08/2022, do 19 de maio, en senllos ditames favorables propón a adopción do seguinte acordo:

<<1º.- Aprobar o proxecto técnico corrixido da Senda peonil en Veigue, redactado polo Enxeñeiro D. Alejandro Peña López, subsanando deficiencias no cumprimento da normativa de accesibilidade e outras, cun orzamento de 207.444,97 €.

2º.- Aprobar o proxecto técnico corrixido da obra de Renovación da Avda. Párroco Villanueva como consecuencia da actualización de prezos, redactado polo Enxeñeiro Oscar Sanmartín Abad, cun orzamento de 336.440,72 €.

3º.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2022”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2022”, “achega provincial 2021” e “préstamo provincial 2022”:

### A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	238.122,61 €
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	-
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>238.122,61 €</b>

### B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2022</b>	0	0	0	0	0

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeirante)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO



Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
		sostibles)			
Senda peonil Veigue-Límite Concello	205.539,18	1.905,79			207.444,97
Acondicionamento varios viais municipais sitios en: Igrexa de Carnoedo, Cacharrete, Mandín, Pe do Muíño e Samoedo	174.883,59	0			174.883,59
Ampliación da rede de abastecimento de auga no lugar de Tumbadoiro-Meirás	12.905,93	12.049,36	5.240,61	17.289,97	30.195,90
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2021</b>	<b>393.328,70</b>	<b>13.955,15</b>	<b>5.240,61</b>	<b>19.195,76</b>	<b>412.524,46</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

**1.Redución de débeda con entidades financeiras:**

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>	--

**1- Resumo:**

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable )	Total concello	
<b>A- GASTOS CORRENTES</b>	Achega 2022	238.122,61			238.122,61
	Achega 2021 (Excep. Base 2.1)				
<b>B- INVESTIMENTOS</b>	Achega 2022				
	Achega 2021	393.328,70	13.955,15	5.240,61	412.524,46
<b>C- REDUCCIÓN DÉBEDA</b>	Préstamo 2022				
	Achega 2022				
	Achega 2021				
	Préstamo 2022				



	<b>TOTAL</b>	631.451,31	13.955,15	5.240,61	19.195,76	650.647,07
--	--------------	------------	-----------	----------	-----------	------------

4º.- Aprobado o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas, engadindo entre os proxectos o de Renovación da Avda. Párroco Villanueva renunciando a súa inclusión no Adicional 2 ao POS+2020 por non dispor da achega municipal:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)</b>	<b>IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)</b>	<b>Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento) (C= A-B)</b>
Ampliación abastecemento auga Amexeiral e Lácere, Mondego	69.894,95	12.130,53	57.764,42
Renovación da Avda. Párroco Villanueva (Sada)	336.440,72	6181,58	330.259,14
<b>TOTAIS</b>	<b>406.335,67</b>	<b>18.312,11</b>	<b>388.023,56</b>

5º.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

6º.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

7º.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

8º.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

9º.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

10º.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente>>.

Debátase o asunto, coas intervencións do sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado de obras e servizos; da sra. Pardo Fafián (PSOE), quen anuncia a abstención do seu grupo; e da sra. Salorio Porral (PP), quen tamén anuncia a abstención do seu grupo.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (6 SM, 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 6 (5 PP e 1 PSOE).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobado o proxecto técnico corrixido da Senda peonil en Veigue, redactado polo Enxeñeiro D. Alejandro Peña López, subsanando deficiencias no cumprimento da normativa de accesibilidade e outras, cun orzamento de 207.444,97 €.

2º.- Aprobado o proxecto técnico corrixido da obra de Renovación da Avda. Párroco Villanueva como consecuencia da actualización de prezos, redactado polo Enxeñeiro Oscar Sanmartín Abad, cun orzamento de 336.440,72 €.

3º.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan**



**único de concellos) “POS+ 2022”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2022”, “achega provincial 2021” e “préstamo provincial 2022”:

**A ) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:**

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	238.122,61 €
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	-
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>238.122,61 €</b>

**B ) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
Achega municipal		IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello		
Subtotal investimentos achega provincial 2022	0	0	0	0	0

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
Achega municipal		IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello		
Senda peonil Veigue-Límite Concello	205.539,18	1.905,79			207.444,97



Acondicionamento varios viais municipais sitos en: Igrexa de Carnoedo, Cacharrete, Mandín, Pe do Muíño e Samoedo	174.883,59	0			174.883,59
Ampliación da rede de abastecimento de auga no lugar de Tumbadoiro-Meirás	12.905,93	12.049,36	5.240,61	17.289,97	30.195,90
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2021</b>	<b>393.328,70</b>	<b>13.955,15</b>	<b>5.240,61</b>	<b>19.195,76</b>	<b>412.524,46</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

## 2.Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>	--

### 2- Resumo:

POS+ 2022 RESUMIO DE FINANCIAMENTOS	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2022	238.122,61			238.122,61
	Achega 2021 (Excep. Base 2.1)				
B- INVESTIMENTOS	Achega 2022				
	Achega 2021	393.328,70	13.955,15	5.240,61	412.524,46
C- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2022				
	Achega 2022				
	Achega 2021				
	Préstamo 2022				
	<b>TOTAL</b>	<b>631.451,31</b>	<b>13.955,15</b>	<b>5.240,61</b>	<b>650.647,07</b>



4º.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas, engadindo entre os proxectos o de Renovación da Avda. Párroco Villanueva renunciando a súa inclusión no Adicional 2 ao POS+2020 por non dispor da achega municipal:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)</b>	<b>IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)</b>	<b>Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento) (C= A-B)</b>
Ampliación abastecemento auga Amexeiral e Lácere, Mondego	69.894,95	12.130,53	57.764,42
Renovación da Avda. Párroco Villanueva (Sada)	336.440,72	6181,58	330.259,14
<b>TOTAIS</b>	<b>406.335,67</b>	<b>18.312,11</b>	<b>388.023,56</b>

5º.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

6º.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

7º.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

8º.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

9º.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

10º.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

#### **4º.- NORMATIVA REGULADORA SOBRE AXUDAS SOCIAIS AO PERSOAL MUNICIPAL.**

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 08/2022, do 19 de maio, que recolle:

<<Consta no expediente a proposta da alcaldía do 13/05/2022, que recolle:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA APROBACIÓN DO REGULAMENTO DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL DO PERSOAL MUNICIPAL**

*Considerando que o Concello Pleno na súa sesión ordinaria do 2022-04-28, acordou deixar sobre a mesa o asunto relativo á proposta de normativa reguladora sobre axudas sociais ao persoal municipal en base á suxestión formulada como achega pola concelleira vogal do grupo municipal socialista.*



Considerando que o expediente foi obxecto de nova negociación e logo de ver os diversos informes emitidos no expediente.

Polos motivos expostos e considerando o disposto polo artigo 22.d) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar provisionalmente o Regulamento do fondo de acción social para o persoal municipal cuxo texto é o seguinte:

“REGULAMENTO DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL PARA OS EMPREGADOS E EMPREGADAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE SADA

## CAPÍTULO I . NORMAS XERAIS

### 1. PERSOAS BENEFICIARIAS.

Para poder optar as melloras sociais reguladas no presente texto, deberán concorrer con carácter xeral os seguintes requisitos, ademais dos que se sinalen de forma específica para cada concepto:

- Será condición indispensable prestar servizos no Concello de Sada como persoal funcionario ou laboral con praza en propiedade, ou persoal interino ou contratado laboral temporal que acredite un ano de relación laboral continuada co Concello de Sada.
- As axudas concedidas consonte ao establecido no presente regulamento, terán efectos dende a data en que se adquire a condición de persoal ao servizo do Concello de Sada e ata a data en que dita condición se perda.
- A perda da condición de empregado/a do Concello de Sada, implicará tamén a perda de todos os beneficios derivados da aplicación deste Regulamento, polo que se desestimarán calquera solicitude relacionada con estas melloras que sexa presentada con posterioridade a data de cesamento, agás ás relativas a gastos soportados no período activo do empedado/a no Concello de Sada, é dicir, referidos ao período que abrangue dende o 1 de xaneiro ata a data do seu cese, independentemente da causa do mesmo.
- Non poderá existir duplicidade de axudas co mesmo obxecto e finalidade para unha mesma persoa beneficiaria. Así mesmo aqueles traballadores/as do Concello de Sada que sexan matrimonio ou parella de feito non poderán ser ambos beneficiarios dunha mesma axuda.

### 2. COMISIÓN MIXTA DE VALORACIÓN.

Para levar a cabo valoración das axudas constituirase unha comisión mixta de valoración de carácter paritario composta polos seguintes membros:

- Presidente: o Alcalde ou persoa en quen delegue.
- Secretario/a, con voz en sen voto: funcionario/a designado pola Alcaldía.
- Un técnico/a designado/a pola Alcaldía.
- Un/unha representante do persoal funcionario.
- Un/unha representante do persoal laboral, proposto/a polo comité de empresa.

#### 2.1 As funcións da Comisión serán as seguintes:

- Propoñer a resolución das dúbidas que puideran xurdir na aplicación do presente Regulamento.
- Propoñer a introdución de calquera modificación que fose precisa para un mellor desenvolvemento e aplicación do presente Regulamento.
- Distribuír as axudas de conformidade co previsto no presente Regulamento.
- Velar polo cumprimento estrito do disposto no presente Regulamento

2.2 A convocatoria da comisión mixta de valoración realizarase a iniciativa do seu presidente ou de dous dos seus membros con voz e voto. Para a súa constitución deberán estar presentes alomenos tres membros con voz e voto e os acordos adoptaranse por maioría simple.

### 3. DISTRIBUCIÓN DA CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA DAS MELLORAS SOCIAIS.

Existe no Orzamento municipal unha partida con vinculación propia de 27.010,81 euros, para distribuír 13.505,40 euros entre persoal funcionario e 13.505,41 euros entre persoal laboral, segundo o establecido no Acordo Regulador do persoal funcionario do Concello e no Convenio Colectivo municipal, ambos na súa disposición adicional cuarta, onde se establece que dita partida será distribuída de acordo co que determine o Concello Pleno logo de negociación coa comisión paritaria.

### 4. GRUPOS.

Segundo as retribucións brutas anuais percibidas no ano anterior polos distintos empregado/as do Concello de Sada, establécense os seguintes grupos para o acceso as axudas sociais:

- GRUPO 1: ata 19.086 €/ano.
- GRUPO 2: de 19.087 €/ano ata 21.600 €/ano.
- GRUPO 3: de 21.601 €/ano ata 24.100 €/ano.
- GRUPO 4: de 24.101 €/ano ata 26.600 €/ano.
- GRUPO 5: de 26.601 €/ano ata 29.100 €/ano.
- GRUPO 6: de 29.101 €/ano ata 31.600 €/ano.
- GRUPO 7: de 31.601 €/ano ata 34.100 €/ano.
- GRUPO 8: de 34.101 €/ano en diante.





## 5. LÍMITES DAS AXUDAS.

Os importes aboados en concepto de axudas non poderán ser superiores ao gasto efectuado e debidamente xustificado. No caso de recibir outras axudas, deberán comunicarse na solicitude e xustificar que, en total, non superan o límite do gasto.

## 6. CONSIGNACIÓN PORCENTUAL A CADA TIPO DE AXUDA.

As contías máximas que se destinará a cada un dos tipos de axudas establecidas no capítulo II, serán as que resulten de aplicar as seguintes porcentaxes:

Estudos: 30 %

Atención á saúde: 70 %

Se á vista das solicitudes presentadas durante o prazo establecido existira remanente de consignación nalgún dos conceptos anteriores, o dito remanente aplicarase aos outros conceptos segundo a porcentaxe establecida. Isto significará que os topes establecidos para cada concepto poderanse superar neste suposto.

Se a contía máxima establecida para un concepto fora insuficiente para atender todas as solicitudes presentadas, sumando no seu caso o remanente doutros conceptos, aplicarase a cada solicitude unha redución porcentual e proporcional ata acadar o tope máximo establecido.

## 7. AXUDAS PERCIBIDAS INDEBIDAMENTE.

Os beneficiarios que por causas alleas a eles perciban axudas as que non teñen dereito, reintegrarán ao Concello as cantidades percibidas indebidamente podendo optar por dúas posibilidades:

- Reintegrar voluntariamente as cantidades percibidas de forma indebida, nun único pagamento no prazo de 15 días dende que se lle inste por parte do Concello.
- Aceptar un desconto na nómina mensual en contía non inferior ao 20% do importe da axuda recibida, ata liquidar o total do débito.

As persoas que incorran en falseamento de datos ou documentos e perciban axudas por mor de dito falseamento, incorrerán nas responsabilidades disciplinarias que correspondan e ademais serán instadas polo Concello a que no prazo de 15 días reintegren as cantidades percibidas. En caso contrario, practicaráselles unha dedución en nómina nunha contía non inferior ao 30% das súas retribucións brutas, ata liquidar o importe total do débito. Estas persoas perderán o dereito a percibir calquera axuda deste Regulamento por un período de 5 anos.

## 8. CAUSAS XERAIS DE EXCLUSIÓN DAS AXUDAS.

Serán causas de exclusión das axudas sociais as seguintes:

- Presentar as solicitudes fora de prazo.
- Non xuntar á solicitude a documentación esixida.
- Carecer dalgún dos requisitos nos documentos esixidos.
- O falseamento e/ou ocultación de datos ou documentos.

## 9. TRAMITACIÓN.

O departamento de persoal será o encargado de realizar os tramites das solicitudes, previos ao seu estudo e valoración pola comisión mixta de valoración.

9.1 As solicitudes presentaranse na Sede Electrónica do Concello de Sada segundo o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no modelo oficial do anexo I destas Bases, acompañado da documentación que se establece en cada caso

A convocatoria inclúe os gastos xustificadas do exercicio completo, comprendidos dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de cada ano. A xustificación dos mesmos, poderase entregar ata o 31 de xaneiro do ano seguinte. De forma excepcional para o ano 2022 o prazo comenará a contar dende o día da publicación desta convocatoria no BOP.

9.2 No caso de que a documentación presentada polos solicitantes sexa defectuosa ou estea incompleta, en cumprimento do que establece o artigo 68.1 da Lei 39/2015, concederase un prazo dez días hábiles a contar dende o día seguinte ao da notificación de dito requirimento para a súa emenda.

9.3 A comisión mixta de Valoración poderá solicitar da persoa interesada calquera tipo de información ou documentación adicional á inicialmente presentada, establecendo un prazo de rectificación de 10 días. A proposta resultante será sometida á fiscalización da Intervención municipal.

9.4 A non presentación da documentación requirida nos prazos sinalados será motivo de denegación da axuda solicitada.

9.5 O pagamento das axudas debidamente aprobadas, farase efectivo no prazo dun mes dende a data da resolución, sendo o seu importe incorporado na nómina correspondentes, mediante transferencia bancaria, previas as retención que proceda.

## CAPÍTULO II

### 10. AXUDAS POR ESTUDOS



### **10.1 PERSOAS BENEFICIARIAS.**

*Serán beneficiarios/as das axudas definidas neste capítulo o persoal funcionario e laboral do Concello de Sada cando as solicite para si mesmo. No caso do persoal temporal (interino ou laboral temporal), deberán acreditar unha relación laboral de alomenos un ano; no caso de non acreditala non terán dereito á prestación da axuda.*

#### **10.2 Documentación requirida:**

*Certificación expedida polo centro docente que acredite a formalización da matrícula e o ano académico cursado no momento de solicitar a axuda. Se fora preciso, presentárase tamén xustificante dos gastos realizado por este concepto*

#### **10.3 Axuda segundo os grupos establecidos:**

##### **Formación Profesional, Bacharelato (axuda por curso do ciclo).**

- 1º GRUPO: 150 € anuais.
- 2º GRUPO: 135 € anuais.
- 3º GRUPO: 120 € anuais.
- 4º GRUPO: 105 € anuais.
- 5º GRUPO: 90 € anuais.
- 6º GRUPO: 75 € anuais
- 7º GRUPO: 60 € anuais.
- 8º GRUPO: 45€ anuais.

##### **Universidade (axuda por curso da carreira).**

- 1º GRUPO : 400 € anuais
- 2º GRUPO : 350 € anuais
- 3º GRUPO : 300 € anuais
- 4º GRUPO : 250 € anuais
- 5º GRUPO : 200 € anuais
- 6º GRUPO : 150 € anuais
- 7º GRUPO : 100 € anuais
- 8º GRUPO : 50 € anuais

**10.4** As cantidades desta axuda entenderase que son por beneficiario/a ata acadar un máximo de 400 € por solicitante.

## **CAPÍTULO III**

### **11. AXUDAS POR ATENCIÓN A SAÚDE**

#### **11.1 Persoas beneficiarias**

*Serán beneficiarios/as das axudas definidas neste capítulo o persoal funcionario e laboral do Concello de Sada. No caso do persoal temporal (interino ou laboral temporal), deberán acreditar unha relación laboral de alomenos un ano; no caso de non acreditala non terán dereito á prestación da axuda.*

#### **11.2 TIPOS DE AXUDAS**

As axudas por este concepto abarcará os seguintes subconceptos:

##### **Odontoloxía:**

- RX (ortodoncia e diagnose). Profilaxe e limpezas.*
- Empastes e reconstrucións. Endodoncias.*
- Cirurxía.*
- Implantes/enxertos.*
- Próteses. Coroas e caras. Ortodoncias.*

##### **Oftalmoloxía:**

*Esta axuda se concederá só unha vez cada tres anos por beneficiario, salvo que, para no caso de cristais en lentes de contacto exista prescrición médica oficial que xustifique a necesidade do cambio por axuste de graduación. Se esixe a achega de informe dun optometrista colexiado.*

- Cristais*
- Monturas.*
- Lentes de contacto.*
- Cirurxía oftalmolóxica.*



Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2022/G010/000009

*Entendese Cirurxía oftalmolóxica a inclusión das operacións oftalmolóxicas dirixidas á corrección da visión, con informe que especifique as dioptrías de cada tipoloxía en cada un dos ollos, en calquera dos seguintes supostos:*

*Miopía: Mínimo de 4 dioptrías no ollo operado.*

*Miopía Astigmatismo: A suma das dioptrías de miopía máis a metade das de astigmatismo dese mesmo ollo sexa igual ou superior a 4.*

*Hipermetropía: Mínimo de 4 dioptrías no ollo operado.*

**Outros:**

*Esta axuda se concederá só unha vez cada tres anos por beneficiario agás que, para no caso dos audiófonos exista prescrición médica oficial que xustifique a necesidade do cambio por axuste ou se produza avaría que teña un custe superior ao 50% do seu valor novo. Para a concesión desta axuda, ademais das xenéricas, será necesario un informe do especialista do SERGAS que xustifique a necesidade.*

*Audiófonos.*

*Próteses ortopédicas.*

*Especialidades médicas non cubertas pola Seguridade Social (fisioterapia, acupuntura...)*

*Con carácter xeral quedan excluídos os tratamentos farmacolóxicos, agás os precisos en situacións especiais de supostos de enfermidades graves ou crónicas, que deberán ser avaliados de xeito concreto pola Comisión Mixta de Valoración, e só no que atinxe a porcentaxe non cuberta pola Seguridade Social.*

**11.3. Documentación requirida:**

*Solicitude en modelo normalizado debidamente cuberto.*

*Factura desagregada por conceptos, orixinal ou compulsada, que acredite o gasto realizado no ano en curso*

**11.4. AXUDA SEGUNDO OS GRUPOS ESTABLECIDOS:**

*Aboarase o custo total da factura (100%) ata consumir a partida. No caso de que a cantidade consignada na mesma non fose suficiente para atender a totalidade dos custos xustificadas polos empregados/as, aplicarase unha redución porcentual de xeito inversamente proporcional aos ingresos por grupos, ata chegar ao límite da partida.*

*1º GRUPO: ata un máximo de 600 € por beneficiario/a e ano.*

*2º GRUPO: ata un máximo de 550 € por beneficiario/a e ano.*

*3º GRUPO: ata un máximo de 500 € por beneficiario/a e ano.*

*4º GRUPO: ata un máximo de 450 € por beneficiario/a e ano.*

*5º GRUPO: ata un máximo de 400 € por beneficiario/a e ano.*

*6º GRUPO: ata un máximo de 350 € por beneficiario/a e ano.*

*7º GRUPO: ata un máximo de 300 € por beneficiario/a e ano.*

*8º GRUPO: ata un máximo de 250 € por beneficiario/a e ano.*

**DISPOSICIÓN FINAL**

*Este regulamento manterá a súa vixencia ata a aprobación dun texto posterior que o derroque de xeito expreso*

**ANEXO I**

SOLICITUDE DE AXUDAS SOCIAIS		
1	DATOS DA PERSOA SOLICITANTE	
Apelidos:		Nome:
		NIF:
Teléfono:		Enderezo electrónico para notificacións:
Posto de traballo:		Grupo/Subgrupo:
Relación laboral:	Data de inicio da relación	Grupo retributivo para o acceso ás axudas:
2		

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



	AXUDA SOLICITADA
3	DOCUMENTACIÓN ACHEGADA
4	OBSERVACIÓNS:
<i>A persoa que asina SOLICITA a axuda social á que se refire esta solicitude, facendo constar que todos os datos consignados son certos Sada, na data da sinatura dixital, asdo: _____</i>	

Consonte ao disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Sada relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos comunicándoo mediante escrito que deberá presentar dirixido ao señor Alcalde no Rexistro Electrónico Xeral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

#### **-COMISIÓN MIXTA DE VALORACIÓN”.**

**SEGUNDO.** Publicar o acordo de aprobación provisional no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello e da sede electrónica municipal, ao obxecto de que durante un prazo de 30 días hábiles, contados a partir do seguinte ao de publicación no BOP, aos efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións ou suxerencias que consideren oportunas.

**TERCEIRO.** Transcorrido o prazo de exposición ao público, no caso de existir reclamacións ou suxestións elevarase ao Pleno a resolución das mesmas e no caso de non existir entenderase definitivamente aprobado o regulamento, debendo publicarse o texto íntegro no BOP>>.

Na comisión informativa procédese a corrixir o documento de proposta de alcaldía que figura coa convocatoria para adaptar o prazo de convocatoria e presentación de documentación xustificativa ao sinalado no informe de intervención, tendo en conta que o 16 de maio levouse novamente a mesa de negociación o expediente, de maneira que se modifica verbalmente polo alcalde o parágrafo segundo do apartado 9.1 antes de someter o asunto a votación, quedando redactado da seguinte maneira:

“A convocatoria inclúe os gastos xustificadas do exercicio completo, comprendidos dende o 1 de xaneiro ata o 15 de novembro de cada ano. A xustificación dos mesmos, poderase entregar ata o 15 de novembro. De forma excepcional para o ano 2022 o prazo comenará a contar dende o día da publicación desta convocatoria no BOP”.

Votado o asunto o resultado foi o seguinte, tendo en conta o voto ponderado:

- Votos a favor: 10 (6 SM, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 7 (5 PP e 2 PSOE).

Resultando ditaminado favorablemente por maioría absoluta a adopción polo Pleno do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Aprobar provisionalmente o Regulamento do fondo de acción social para o persoal municipal cuxo texto é o seguinte:

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



## **“REGULAMENTO DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL PARA OS EMPREGADOS E EMPREGADAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE SADA**

### **CAPÍTULO I . NORMAS XERAIS**

#### **1. PERSOAS BENEFICIARIAS.**

Para poder optar as melloras sociais reguladas no presente texto, deberán concorrer con carácter xeral os seguintes requisitos, ademais dos que se sinalen de forma específica para cada concepto:

- Será condición indispensable prestar servizos no Concello de Sada como persoal funcionario ou laboral con praza en propiedade, ou persoal interino ou contratado laboral temporal que acredite un ano de relación laboral continuada co Concello de Sada.
- As axudas concedidas consonte ao establecido no presente regulamento, terán efectos dende a data en que se adquire a condición de persoal ao servizo do Concello de Sada e ata a data en que dita condición se perda.
- A perda da condición de empregado/a do Concello de Sada, implicará tamén a perda de todos os beneficios derivados da aplicación deste Regulamento, polo que se desestimará calquera solicitude relacionada con estas melloras que sexa presentada con posterioridade a data de cesamento, agás ás relativas a gastos soportados no período activo do empregado/a no Concello de Sada, é dicir, referidos ao período que abrangue dende o 1 de xaneiro ata a data do seu cese, independentemente da causa do mesmo..
- Non poderá existir duplicidade de axudas co mesmo obxecto e finalidade para unha mesma persoa beneficiaria. Así mesmo aqueles traballadores/as do Concello de Sada que sexan matrimonio ou parella de feito non poderán ser ambos beneficiarios dunha mesma axuda.

#### **2. COMISIÓN MIXTA DE VALORACIÓN.**

Para levar a cabo valoración das axudas constituirase unha comisión mixta de valoración de carácter paritario composta polos seguintes membros:

- Presidente: o Alcalde ou persoa en quen delegue.
- Secretario/a, con voz en sen voto: funcionario/a designado pola Alcaldía.
- Un técnico/a designado/a pola Alcaldía.
- Un/unha representante do persoal funcionario.
- Un/unha representante do persoal laboral, proposto/a polo comité de empresa.

##### **2.1 As funcións da Comisión serán as seguintes:**

- Propoñer a resolución das dúbidas que puideran xurdir na aplicación do presente Regulamento.
- Propoñer a introdución de calquera modificación que fose precisa para un mellor desenvolvemento e aplicación do presente Regulamento.
- Distribuír as axudas de conformidade co previsto no presente Regulamento.
- Velar polo cumprimento estrito do disposto no presente Regulamento

**2.2. A convocatoria da comisión mixta de valoración realizarase a iniciativa do seu presidente ou de dous dos seus membros con voz e voto. Para a súa constitución deberán estar presentes alomenos tres membros con voz e voto e os acordos adoptaranse por maioría simple.**

#### **3. DISTRIBUCIÓN DA CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA DAS MELLORAS SOCIAIS.**

Existe no Orzamento municipal unha partida con vinculación propia de 27.010,81 euros, para distribuír 13.505,40 euros entre persoal funcionario e 13.505,41 euros entre persoal laboral, segundo o establecido no Acordo Regulador do persoal funcionario do Concello e no Convenio Colectivo municipal, ambos na súa disposición adicional cuarta, onde se establece que dita partida será distribuída de acordo co que determine o Concello Pleno logo de negociación coa comisión paritaria.

#### **4. GRUPOS.**

Segundo as retribucións brutas anuais percibidas no ano anterior polos distintos empregado/as do Concello de Sada, establécense os seguintes grupos para o acceso as axudas sociais:

- GRUPO 1: ata 19.086 €/ano.
- GRUPO 2: de 19.087 €/ano ata 21.600 €/ano.
- GRUPO 3: de 21.601 €/ano ata 24.100 €/ano.
- GRUPO 4: de 24.101 €/ano ata 26.600 €/ano.
- GRUPO 5: de 26.601 €/ano ata 29.100 €/ano.
- GRUPO 6: de 29.101 €/ano ata 31.600 €/ano.
- GRUPO 7: de 31.601 €/ano ata 34.100 €/ano.
- GRUPO 8: de 34.101 €/ano en diante.



## 5. LÍMITES DAS AXUDAS.

Os importes aboados en concepto de axudas non poderán ser superiores ao gasto efectuado e debidamente xustificado. No caso de recibir outras axudas, deberán comunicarse na solicitude e xustificar que, en total, non superan o límite do gasto.

## 6. CONSIGNACIÓN PORCENTUAL A CADA TIPO DE AXUDA.

As contías máximas que se destinará a cada un dos tipos de axudas establecidas no capítulo II, serán as que resulten de aplicar as seguintes porcentaxes:

Estudos: 30 %

Atención á saúde: 70 %

Se á vista das solicitudes presentadas durante o prazo establecido existira remanente de consignación nalgún dos conceptos anteriores, o dito remanente aplicarase aos outros conceptos segundo a porcentaxe establecida. Isto significará que os topes establecidos para cada concepto poderanse superar neste suposto.

Se a contía máxima establecida para un concepto fora insuficiente para atender todas as solicitudes presentadas, sumando no seu caso o remanente doutros conceptos, aplicarase a cada solicitude unha redución porcentual e proporcional ata acadar o tope máximo establecido.

## 7. AXUDAS PERCIBIDAS INDEBIDAMENTE.

Os beneficiarios que por causas alleas a eles perciban axudas as que non teñen dereito, reintegrarán ao Concello as cantidades percibidas indebidamente podendo optar por dúas posibilidades:

a) Reintegrar voluntariamente as cantidades percibidas de forma indebida, nun único pagamento no prazo de 15 días dende que se lle inste por parte do Concello.

b) Aceptar un desconto na nómina mensual en contía non inferior ao 20% do importe da axuda recibida, ata liquidar o total do débito.

As persoas que incorran en falseamento de datos ou documentos e perciban axudas por mor de dito falseamento, incorrerán nas responsabilidades disciplinarias que correspondan e ademais serán instadas polo Concello a que no prazo de 15 días reintegren as cantidades percibidas. En caso contrario, practicaráselles unha dedución en nómina nunha contía non inferior ao 30% das súas retribucións brutas, ata liquidar o importe total do débito. Estas persoas perderán o dereito a percibir calquera axuda deste Regulamento por un período de 5 anos.

## 8. CAUSAS XERAIS DE EXCLUSIÓN DAS AXUDAS.

Serán causas de exclusión das axudas sociais as seguintes:

- Presentar as solicitudes fora de prazo.
- Non xuntar á solicitude a documentación esixida.
- Carecer dalgún dos requisitos nos documentos esixidos.
- O falseamento e/ou ocultación de datos ou documentos.

## 9. TRAMITACIÓN.

O departamento de persoal será o encargado de realizar os tramites das solicitudes, previos ao seu estudo e valoración pola comisión mixta de valoración.

9.1 As solicitudes presentaranse na Sede Electrónica do Concello de Sada segundo o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no modelo oficial do anexo I destas Bases, acompañado da documentación que se establece en cada caso.

A convocatoria inclúe os gastos xustificadas do exercicio completo, comprendidos dende o 1 de xaneiro ata o 15 de novembro de cada ano. A xustificación dos mesmos, poderase entregar ata o 15 de novembro. De forma excepcional para o ano 2022 o prazo comenará a contar dende o día da publicación desta convocatoria no BOP.

9.2 No caso de que a documentación presentada polos solicitantes sexa defectuosa ou estea incompleta, en cumprimento do que establece o artigo 68.1 da Lei 39/2015, concederase un prazo dez días hábiles a contar dende o día seguinte ao da notificación de dito requirimento para a súa emenda.

9.3 A comisión mixta de Valoración poderá solicitar da persoa interesada calquera tipo de información ou documentación adicional á inicialmente presentada, establecendo un prazo de rectificación de 10 días. A proposta resultante será sometida á fiscalización da Intervención municipal.

9.4 A non presentación da documentación requirida nos prazos sinalados será motivo de denegación da axuda solicitada.

9.5 O pagamento das axudas debidamente aprobadas, farase efectivo no prazo dun mes dende a data da resolución, sendo o seu importe incorporado na nómina correspondentes, mediante transferencia bancaria, previas as retención que proceda.

## CAPÍTULO II

### 10. AXUDAS POR ESTUDOS



### **10.1 PERSOAS BENEFICIARIAS.**

Serán beneficiarios/as das axudas definidas neste capítulo o persoal funcionario e laboral do Concello de Sada cando as solicite para si mesmo. No caso do persoal temporal (interino ou laboral temporal), deberán acreditar unha relación laboral de alomenos un ano; no caso de non acreditala non terán dereito á prestación da axuda.

#### **10.2 Documentación requirida:**

Certificación expedida polo centro docente que acredite a formalización da matrícula e o ano académico cursado no momento de solicitar a axuda. Se fora preciso, presentárase tamén xustificante dos gastos realizado por este concepto

#### **10.3 Axuda segundo os grupos establecidos:**

##### **Formación Profesional, Bacharelato (axuda por curso do ciclo).**

- 1º GRUPO: 150 € anuais.
- 2º GRUPO: 135 € anuais.
- 3º GRUPO: 120 € anuais.
- 4º GRUPO: 105 € anuais.
- 5º GRUPO: 90 € anuais.
- 6º GRUPO: 75 € anuais
- 7º GRUPO: 60 € anuais.
- 8º GRUPO: 45€ anuais.

##### **Universidade (axuda por curso da carreira).**

- 1º GRUPO : 400 € anuais
- 2º GRUPO : 350 € anuais
- 3º GRUPO : 300 € anuais
- 4º GRUPO : 250 € anuais
- 5º GRUPO : 200 € anuais
- 6º GRUPO : 150 € anuais
- 7º GRUPO : 100 € anuais
- 8º GRUPO : 50 € anuais

**10.4.** As cantidades desta axuda entenderase que son por beneficiario/a ata acadar un máximo de 400 € por solicitante.

## **CAPÍTULO III**

### **11. AXUDAS POR ATENCIÓN A SAÚDE**

#### **11.1 Persoas beneficiarias**

Serán beneficiarios/as das axudas definidas neste capítulo o persoal funcionario e laboral do Concello de Sada. No caso do persoal temporal (interino ou laboral temporal), deberán acreditar unha relación laboral de alomenos un ano; no caso de non acreditala non terán dereito á prestación da axuda.

#### **11.2. TIPOS DE AXUDAS**

As axudas por este concepto abarcará os seguintes subconceptos:

##### **Odontoloxía:**

- RX (ortodoncia e diagnose). Profilaxe e limpeza.
- Empastes e reconstrucións. Endodoncias.
- Cirurgía.
- Implantes/enxertos.
- Próteses. Coroa e caras. Ortodoncias.

##### **Oftalmoloxía:**

- Esta axuda se concederá só unha vez cada tres anos por beneficiario, salvo que, para no caso de cristais en lentes de contacto exista prescrición médica oficial que xustifique a necesidade do cambio por axuste de graduación. Se esixe a achega de informe dun optometrista colexiado.
- Cristais
- Monturas.
- Lentes de contacto.
- Cirurgía oftalmolóxica.



Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2022/G010/000009

*Entendese Cirurxía oftalmoloxía a inclusión das operacións oftalmolóxicas dirixidas á corrección da visión, con informe que especifique as dioptrías de cada tipoloxía en cada un dos ollos, en calquera dos seguintes supostos:*

*Miopía: Mínimo de 4 dioptrías no ollo operado.*

*Miopía Astigmatismo: A suma das dioptrías de miopía máis a metade das de astigmatismo dese mesmo ollo sexa igual ou superior a 4.*

*Hipermetropía: Mínimo de 4 dioptrías no ollo operado.*

**Outros:**

*Esta axuda se concederá só unha vez cada tres anos por beneficiario agás que, para no caso dos audiófonos exista prescrición médica oficial que xustifique a necesidade do cambio por axuste ou se produza avaría que teña un custe superior ao 50% do seu valor novo. Para a concesión desta axuda, ademais das xenéricas, será necesario un informe do especialista do SERGAS que xustifique a necesidade.*

*Audiófonos.*

*Próteses ortopédicas.*

*Especialidades médicas non cubertas pola Seguridade Social (fisioterapia, acupuntura...)*

*Con carácter xeral quedan excluídos os tratamentos farmacolóxicos, agás os precisos en situacións especiais de supostos de enfermidades graves ou crónicas, que deberán ser avaliados de xeito concreto pola Comisión Mixta de Valoración, e só no que atinxe a porcentaxe non cuberta pola Seguridade Social.*

**11.3. Documentación requirida:**

*Solicitude en modelo normalizado debidamente cuberto.*

*Factura desagregada por conceptos, orixinal ou compulsada, que acredite o gasto realizado no ano en curso*

**11.4. AXUDA SEGUNDO OS GRUPOS ESTABLECIDOS:**

*Aboarase o custo total da factura (100%) ata consumir a partida. No caso de que a cantidade consignada na mesma non fose suficiente para atender a totalidade dos custos xustificadas polos empregados/as, aplicarase unha redución porcentual de xeito inversamente proporcional aos ingresos por grupos, ata chegar ao límite da partida.*

*1º GRUPO: ata un máximo de 600 € por beneficiario/a e ano.*

*2º GRUPO: ata un máximo de 550 € por beneficiario/a e ano.*

*3º GRUPO: ata un máximo de 500 € por beneficiario/a e ano.*

*4º GRUPO: ata un máximo de 450 € por beneficiario/a e ano.*

*5º GRUPO: ata un máximo de 400 € por beneficiario/a e ano.*

*6º GRUPO: ata un máximo de 350 € por beneficiario/a e ano.*

*7º GRUPO: ata un máximo de 300 € por beneficiario/a e ano.*

*8º GRUPO: ata un máximo de 250 € por beneficiario/a e ano.*

**DISPOSICIÓN FINAL**

*Este regulamento manterá a súa vixencia ata a aprobación dun texto posterior que o derroque de xeito expreso*

**ANEXO I**

SOLICITUDE DE AXUDAS SOCIAIS		
1	DATOS DA PERSOA SOLICITANTE	
Apelidos:		Nome:
		NIF:
Teléfono:		Enderezo electrónico para notificacións:
Posto de traballo:		Grupo/Subgrupo:
Relación laboral:	Data de inicio da relación	Grupo retributivo para o acceso ás axudas:
2		

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).





	AXUDA SOLICITADA
3	DOCUMENTACIÓN ACHEGADA
4	OBSERVACIÓNS:
<i>A persoa que asina SOLICITA a axuda social á que se refire esta solicitude, facendo constar que todos os datos consignados son certos Sada, na data da sinatura dixital, asdo: _____</i>	

Consonte ao disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Sada relacionados con este trámite, coa finalidade de utilzalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos comunicándoo mediante escrito que deberá presentar dirixido ao señor Alcalde no Rexistro Electrónico Xeral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

**-COMISIÓN MIXTA DE VALORACIÓN\*.**

**SEGUNDO.** Publicar o acordo de aprobación provisional no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello e da sede electrónica municipal, ao obxecto de que durante un prazo de 30 días hábiles, contados a partir do seguinte ao de publicación no BOP, aos efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións ou suxerencias que consideren oportunas

**TERCEIRO.** Transcorrido o prazo de exposición ao público, no caso de existir reclamacións ou suxestións elevarase ao Pleno a resolución das mesmas e no caso de non existir entenderase definitivamente aprobado o regulamento, debendo publicarse o texto íntegro no BOP>>.

Debátese o asunto, coas intervencións da sra. Taibo Fernández, concelleira delegada de Facenda, Administración local, Administración electrónica, Contratación e Seguridade Cidadá; da sra. Pardo Fafián (PSOE); e da sra. Salorio Porral (PP), quen anuncia que o seu grupo vaise abster.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (6 SM, 1 PSOE, 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 5 (PP).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Aprobar provisionalmente o Regulamento do fondo de acción social para o persoal municipal cuxo texto é o seguinte:

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



## **“REGULAMENTO DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL PARA OS EMPREGADOS E EMPREGADAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE SADA**

### **CAPÍTULO I. NORMAS XERAIS.**

#### **1. PERSOAS BENEFICIARIAS.**

Para poder optar as melloras sociais reguladas no presente texto, deberán concorrer con carácter xeral os seguintes requisitos, ademais dos que se sinalen de forma específica para cada concepto:

- Será condición indispensable prestar servizos no Concello de Sada como persoal funcionario ou laboral con praza en propiedade, ou persoal interino ou contratado laboral temporal que acredite un ano de relación laboral continuada co Concello de Sada.
- As axudas concedidas consonte ao establecido no presente regulamento, terán efectos dende a data en que se adquire a condición de persoal ao servizo do Concello de Sada e ata a data en que dita condición se perda.
- A perda da condición de empregado/a do Concello de Sada, implicará tamén a perda de todos os beneficios derivados da aplicación deste Regulamento, polo que se desestimará calquera solicitude relacionada con estas melloras que sexa presentada con posterioridade a data de cesamento, agás ás relativas a gastos soportados no período activo do empregado/a no Concello de Sada, é dicir, referidos ao período que abrangue dende o 1 de xaneiro ata a data do seu cese, independentemente da causa do mesmo.
- Non poderá existir duplicidade de axudas co mesmo obxecto e finalidade para unha mesma persoa beneficiaria. Así mesmo aqueles traballadores/as do Concello de Sada que sexan matrimonio ou parella de feito non poderán ser ambos beneficiarios dunha mesma axuda.

#### **2. COMISIÓN MIXTA DE VALORACIÓN.**

Para levar a cabo valoración das axudas constituirase unha comisión mixta de valoración de carácter paritario composta polos seguintes membros:

- Presidente: o Alcalde ou persoa en quen delegue.
- Secretario/a, con voz en sen voto: funcionario/a designado pola Alcaldía.
- Un técnico/a designado/a pola Alcaldía.
- Un/unha representante do persoal funcionario.
- Un/unha representante do persoal laboral, proposto/a polo comité de empresa.

##### **2.1. As funcións da Comisión serán as seguintes:**

- Proponer a resolución das dúbidas que puideran xurdir na aplicación do presente Regulamento.
- Proponer a introdución de calquera modificación que fose precisa para un mellor desenvolvemento e aplicación do presente Regulamento.
- Distribuír as axudas de conformidade co previsto no presente Regulamento.
- Velar polo cumprimento estrito do disposto no presente Regulamento.

**2.2.** A convocatoria da comisión mixta de valoración realizarase a iniciativa do seu presidente ou de dous dos seus membros con voz e voto. Para a súa constitución deberán estar presentes polo menos tres membros con voz e voto e os acordos adoptaranse por maioría simple.

#### **3. DISTRIBUCIÓN DA CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA DAS MELLORAS SOCIAIS.**

Existe no Orzamento municipal unha partida con vinculación propia de 27.010,81 euros, para distribuír 13.505,40 euros entre persoal funcionario e 13.505,41 euros entre persoal laboral, segundo o establecido no Acordo Regulador do persoal funcionario do Concello e no Convenio Colectivo municipal, ambos na súa disposición adicional cuarta, onde se establece que dita partida será distribuída de acordo co que determine o Concello Pleno logo de negociación coa comisión paritaria.



#### 4. GRUPOS.

Segundo as retribucións brutas anuais percibidas no ano anterior polos distintos empregado/as do Concello de Sada, establécense os seguintes grupos para o acceso as axudas sociais:

- GRUPO 1: ata 19.086 €/ano.
- GRUPO 2: de 19.087 €/ano ata 21.600 €/ano.
- GRUPO 3: de 21.601 €/ano ata 24.100 €/ano.
- GRUPO 4: de 24.101 €/ano ata 26.600 €/ano.
- GRUPO 5: de 26.601 €/ano ata 29.100 €/ano.
- GRUPO 6: de 29.101 €/ano ata 31.600 €/ano.
- GRUPO 7: de 31.601 €/ano ata 34.100 €/ano.
- GRUPO 8: de 34.101 €/ano en diante.

#### 5. LÍMITES DAS AXUDAS.

Os importes aboados en concepto de axudas non poderán ser superiores ao gasto efectuado e debidamente xustificado. No caso de recibir outras axudas, deberán comunicarse na solicitude e xustificar que, en total, non superan o límite do gasto.

#### 6. CONSIGNACIÓN PORCENTUAL A CADA TIPO DE AXUDA.

As contías máximas que se destinarán a cada un dos tipos de axudas establecidas no capítulo II, serán as que resulten de aplicar as seguintes porcentaxes:

- a) Estudos: 30 %
- b) Atención á saúde: 70 %

Se á vista das solicitudes presentadas durante o prazo establecido existira remanente de consignación nalgún dos conceptos anteriores, o dito remanente aplicarase aos outros conceptos segundo a porcentaxe establecida. Isto significará que os topes establecidos para cada concepto poderanse superar neste suposto.

Se a contía máxima establecida para un concepto fora insuficiente para atender todas as solicitudes presentadas, sumando no seu caso o remanente doutros conceptos, aplicarase a cada solicitude unha redución porcentual e proporcional ata acadar o tope máximo establecido.

#### 7. AXUDAS PERCIBIDAS INDEBIDAMENTE.

Os beneficiarios que por causas alleas a eles perciban axudas as que non teñen dereito, reintegrarán ao Concello as cantidades percibidas indebidamente podendo optar por dúas posibilidades:

- c) Reintegrar voluntariamente as cantidades percibidas de forma indebida, nun único pagamento no prazo de 15 días dende que se lle inste por parte do Concello.
- d) Aceptar un desconto na nómina mensual en contía non inferior ao 20% do importe da axuda recibida, ata liquidar o total do débito.

As persoas que incorran en falseamento de datos ou documentos e perciban axudas por mor de dito falseamento, incorrerán nas responsabilidades disciplinarias que correspondan e ademais serán instadas polo Concello a que no prazo de 15 días reintegren as cantidades percibidas. En caso contrario, practicaráselles unha dedución en nómina nunha contía non inferior ao 30% das súas retribucións brutas, ata liquidar o importe total do débito. Estas persoas perderán o dereito a percibir calquera axuda deste Regulamento por un período de 5 anos.

#### 8. CAUSAS XERAIS DE EXCLUSIÓN DAS AXUDAS.

Serán causas de exclusión das axudas sociais as seguintes:



- Presentar as solicitudes fóra de prazo.
- Non xuntar á solicitude a documentación esixida.
- Carecer dalgún dos requisitos nos documentos esixidos.
- O falseamento e/ou ocultación de datos ou documentos.

## 9. TRAMITACIÓN.

O departamento de persoal será o encargado de realizar os tramites das solicitudes, previos ao seu estudo e valoración pola comisión mixta de valoración.

**9.1.** As solicitudes presentaranse na Sede Electrónica do Concello de Sada segundo o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no modelo oficial do anexo I destas Bases, acompañado da documentación que se establece en cada caso.

A convocatoria inclúe os gastos xustificadas do exercicio completo, comprendidos dende o 1 de xaneiro ata o 15 de novembro de cada ano. A xustificación dos mesmos, poderase entregar ata o 15 de novembro. De forma excepcional para o ano 2022 o prazo comenza a contar dende o día da publicación desta convocatoria no BOP.

**9.2.** No caso de que a documentación presentada polos solicitantes sexa defectuosa ou estea incompleta, en cumprimento do que establece o artigo 68.1 da Lei 39/2015, concederase un prazo dez días hábiles a contar dende o día seguinte ao da notificación de dito requirimento para a súa emenda.

**9.3.** A comisión mixta de Valoración poderá solicitar da persoa interesada calquera tipo de información ou documentación adicional á inicialmente presentada, establecendo un prazo de rectificación de 10 días. A proposta resultante será sometida á fiscalización da Intervención municipal.

**9.4.** A non presentación da documentación requirida nos prazos sinalados será motivo de denegación da axuda solicitada.

**9.5.** O pagamento das axudas debidamente aprobadas, farase efectivo no prazo dun mes dende a data da resolución, sendo o seu importe incorporado na nómina correspondentes, mediante transferencia bancaria, previas as retención que proceda.

## CAPÍTULO II

### 10. AXUDAS POR ESTUDOS

#### 10.1. Persoas beneficiarias:

Serán beneficiarios/as das axudas definidas neste capítulo o persoal funcionario e laboral do Concello de Sada cando as solicite para si mesmo. No caso do persoal temporal (interino ou laboral temporal), deberán acreditar unha relación laboral de polo menos un ano; no caso de non acreditala non terán dereito á prestación da axuda.

#### 10.2. Documentación requirida:

Certificación expedida polo centro docente que acredite a formalización da matrícula e o ano académico cursado no momento de solicitar a axuda. Se fora preciso, presentarase tamén xustificante dos gastos realizado por este concepto.

#### 10.3. Axuda segundo os grupos establecidos:

##### Formación Profesional, Bacharelato (axuda por curso do ciclo).

1º GRUPO: 150 € anuais.

2º GRUPO: 135 € anuais.

3º GRUPO: 120 € anuais.



- 4º GRUPO: 105 € anuais.
- 5º GRUPO: 90 € anuais.
- 6º GRUPO: 75 € anuais.
- 7º GRUPO: 60 € anuais.
- 8º GRUPO: 45 € anuais.

#### **Universidade (axuda por curso da carreira).**

- 1º GRUPO : 400 € anuais.
- 2º GRUPO : 350 € anuais.
- 3º GRUPO : 300 € anuais.
- 4º GRUPO : 250 € anuais.
- 5º GRUPO : 200 € anuais.
- 6º GRUPO : 150 € anuais.
- 7º GRUPO : 100 € anuais.
- 8º GRUPO : 50 € anuais.

**10.4.** As cantidades desta axuda entenderase que son por beneficiario/a ata acadar un máximo de 400 € por solicitante.

### **CAPÍTULO III**

#### **11. AXUDAS POR ATENCIÓN Á SAÚDE**

##### **11.1. Persoas beneficiarias:**

Serán beneficiarios/as das axudas definidas neste capítulo o persoal funcionario e laboral do Concello de Sada. No caso do persoal temporal (interino ou laboral temporal), deberán acreditar unha relación laboral de polo menos un ano; no caso de non acreditala non terán dereito á prestación da axuda.

##### **11.2. Tipos de axudas:**

As axudas por este concepto abarcará os seguintes subconceitos:

##### **Odontoloxía**

RX (ortodoncia e diagnose). Profilaxe e limpeza.

Empastes e reconstrucións. Endodoncias.

Cirurxía.

Implantes/enxertos.

Próteses. Coroa e caras. Ortodoncias.

##### **Oftalmoloxía**

Esta axuda se concederá só unha vez cada tres anos por beneficiario, salvo que, para no caso de cristais en lentes de contacto exista prescrición médica oficial que xustifique a necesidade do cambio por axuste de graduación. Se esixe a achega de informe dun optometrista colexiado.

Cristais.

Monturas.

Lentes de contacto.

Cirurxía oftalmolóxica.

Entendese Cirurxía oftalmolóxica a inclusión das operacións oftalmolóxicas dirixidas á corrección da visión, con informe que especifique as dioptrías de cada tipoloxía en cada un dos ollos, en calquera dos seguintes supostos:

**Miopía:** Mínimo de 4 dioptrías no ollo operado.



Miopía Astigmatismo: A suma das dioptrías de miopía máis a metade das de astigmatismo dese mesmo ollo sexa igual ou superior a 4.

Hipermetropía: Mínimo de 4 dioptrías no ollo operado.

### Outros

Esta axuda se concederá só unha vez cada tres anos por beneficiario agás que, para no caso dos audiófonos exista prescrición médica oficial que xustifique a necesidade do cambio por axuste ou se produza avaría que teña un custe superior ao 50% do seu valor novo. Para a concesión desta axuda, ademais das xenéricas, será necesario un informe do especialista do SERGAS que xustifique a necesidade.

Audiófonos.

Próteses ortopédicas.

Especialidades médicas non cubertas pola Seguridade Social (fisioterapia, acupuntura...).

Con carácter xeral quedan excluídos os tratamentos farmacolóxicos, agás os precisos en situacións especiais de supostos de enfermidades graves ou crónicas, que deberán ser avaliados de xeito concreto pola Comisión Mixta de Valoración, e só no que atinxe a porcentaxe non cuberta pola Seguridade Social.

### 11.3. Documentación requirida:

Solicitude en modelo normalizado debidamente cuberto.

Factura desagregada por conceptos, orixinal ou compulsada, que acredite o gasto realizado no ano en curso.

### 11.4. Axuda segundo os grupos establecidos:

Aboarase o custo total da factura (100%) ata consumir a partida. No caso de que a cantidade consignada na mesma non fose suficiente para atender a totalidade dos custos xustificadas polos empregados/as, aplicarase unha redución porcentual de xeito inversamente proporcional aos ingresos por grupos, ata chegar ao límite da partida.

1º GRUPO: ata un máximo de 600 € por beneficiario/a e ano.

2º GRUPO: ata un máximo de 550 € por beneficiario/a e ano.

3º GRUPO: ata un máximo de 500 € por beneficiario/a e ano.

4º GRUPO: ata un máximo de 450 € por beneficiario/a e ano.

5º GRUPO: ata un máximo de 400 € por beneficiario/a e ano.

6º GRUPO: ata un máximo de 350 € por beneficiario/a e ano.

7º GRUPO: ata un máximo de 300 € por beneficiario/a e ano.

8º GRUPO: ata un máximo de 250 € por beneficiario/a e ano.

## DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento manterá a súa vixencia ata a aprobación dun texto posterior que o derroque de xeito expreso.

### ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDAS SOCIAIS		
1	DATOS DA PERSOA SOLICITANTE	
Apelidos:	Nome:	NIF:
Teléfono:		Enderezo electrónico para notificacións:



Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2022/G010/000009

Posto de traballo:		Grupo/Subgrupo:	
Relación laboral:		Data de inicio da relación	Grupo retributivo para o acceso ás axudas:
2	AXUDA SOLICITADA		
3	DOCUMENTACIÓN ACHEGADA		
4	OBSERVACIÓNS:		
A persoa que asina SOLICITA a axuda social á que se refire esta solicitude, facendo constar que todos os datos consignados son certos Sada, na data da sinatura dixital, asdo.:_____			

Consonte ao disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Sada relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos comunicándoo mediante escrito que deberá presentar dirixido ao señor Alcalde no Rexistro Electrónico Xeral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

#### - COMISIÓN MIXTA DE VALORACIÓN”.

**SEGUNDO.** Publicar o acordo de aprobación provisional no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello e da sede electrónica municipal, ao obxecto de que durante un prazo de 30 días hábiles, contados a partir do seguinte ao de publicación no BOP, aos efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións ou suxestións que consideren oportunas.

**TERCEIRO.** Transcorrido o prazo de exposición ao público, no caso de existir reclamacións ou suxestións elevarase ao Pleno a resolución das mesmas e no caso de non existir entenderase definitivamente aprobado o regulamento, debendo publicarse o texto íntegro no BOP.

#### 5º.- SOLICITUDE DE REEQUILIBRIO ECONÓMICO DO CONTRATO DE CONCESIÓN DA PISCINA E PAVILLÓN POLO PERÍODO XULLO 2020 ATA XANEIRO 2021.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



O Presidente explica que a urxencia para incluír este punto que non figuraba na orde do día está motivada en que se trata dunha solicitude do ano 2020 e que logo de ter todos os informes non pagaba a pena agardar por outra sesión plenaria.

A continuación procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (6 SM, 1 PSOE, 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 5 (PP).

Resultando aprobada a urxencia por maioría absoluta.

Consta no expediente a proposta da alcaldía do 23 de maio, que recolle:

<<Solicitude de restablecemento do equilibrio económico financeiro do contrato de xestión do complexo deportivo e piscina municipal. Dada conta da solicitude da empresa HEBE SPORT S.L., co CIF B 15890809, concesionario do servizo de piscina e pavillón polideportivo municipais, de reequilibrio económico durante as restricións polo estado de alarma.

Resultando que o contrato da concesión do servizo da piscina e pavillón polideportivo foi adjudicado definitivamente e sesión celebrada polo Pleno do Concello o 3 de setembro de 2010, formalizándose o contrato administrativo o 26 de outubro de 2010, cunha duración prevista do contrato de 12 anos a contar dende o décimo quinto día hábil dende a sinatura do contrato.

Resultando que durante o período 14/03/2020 ao 21/06/2020 o suspendeuse a apertura ao público derivado do estado de alarma COVID-19 (RD 463/2020 do 14 de marzo), e con data 1/07/2020 reabriuse ao público.

Con data 14/01/2021 pechouse a piscina por deficiencias.

Visto o informe de Intervención JPB 112/2022 de data 03/05/2022 sobre a procedencia de compensación ao concesionario do servizo de piscina e pavillón polideportivo municipais Hebe Sport SL, como recuperación do equilibrio da concesión polas restricións de aforo impostas legalmente durante o período xullo 2020-14 de xaneiro 2021.

Visto o informe favorable da Secretaría da corporación, de data 23/05/2022,

Propone ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Indemnizar ao concesionario HEBE SPORT S.L., co CIF B 15890809, por ruptura do equilibrio económico do contrato de concesión do servizo de piscina e pavillón polideportivo municipais a Hebe Sport SL polas restricións de aforo impostas legalmente durante o período de xullo de 2020 a 14 de xaneiro de 2021 na cantidade de 19.803,43 € con cargo ao vixente orzamento municipal (RC 220220003875).

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado>>.

Debátese o asunto, coas intervencións da sra. Nogareda Marzoa, concelleira delegada de educación e deporte; da sra. Pardo Fafián (PSOE); e da sra. García Freire (PP), quen anuncia a abstención do seu grupo.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (6 SM, 1 PSOE, 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 5 (PP).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Indemnizar ao concesionario HEBE SPORT S.L., co CIF B 15890809, por ruptura do equilibrio económico do contrato de concesión do servizo de piscina e pavillón polideportivo municipais polas restricións de aforo impostas legalmente durante o período de xullo de 2020 a 14 de xaneiro de 2021 na cantidade de 19.803,43 € con cargo ao vixente orzamento municipal (RC 220220003875).

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado.

## **6º.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR O MEU LAR SL CONTRA O ACORDO PLENARIO DO 24 DE FEBREIRO DO 2022 SOBRE CORRECCIÓN DE ERROS DO PXOM (EXP. 2021/X999/000920).**





O presidente explica que a urxencia para incluír este punto que non figuraba na orde do día está motivada en que unha vez feitos os informes convén resolver o recurso de reposición canto antes.

A continuación procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (6 SM, 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 6 (5 PP e 1 PSOE).

Resultando aprobada a urxencia por maioría absoluta.

Consta no expediente a proposta da alcaldía do 23 de maio, que recolle:

<<PROPOSTA ALCALDÍA RESOLUCIÓN RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO PLENARIO DO 22.02.2022 SOBRE CORRECCIÓN ERROS PXOM. EXP. 2021/X999/000920.

Con data de 22 de xuño de 2021, co número de rexistro de entrada 202199900003310, no Servizo de Urbanismo do Concello de Sada, Ángel Luis Monteoliva Díaz con DNI: 32426463-M, presenta para a súa tramitación o documento denominado Corrección de Erros do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Sada.

Constan no expediente os seguintes informes: informe do arquitecto municipal, Andrés Varela Parafita, do 06.08.2021, informe do TAX de urbanismo en comisión de servizos, Hipólito José Ramón Pérez Novo, do 10.08.2021, informe xurídico de secretaría do 20.08.2021, informe do estado do procedemento do avogado Miguel Torres Yack, do 03.09.2021, informe do 23.12.2021, asinado por Daniel Beiras García-Sabell, co visto e prace de Pedro A. González Pérez da Deputación da Coruña, "Informe complementario á memoria de corrección de erros do PXOM de Sada" do 21.01.2022, asinado por Íñigo De Miranda Osset, "Informe que aclara as cuestións formuladas durante a Comisión informativa de urbanismo do Concello de Sada en data 24/01/2022 en relación ao documento de corrección de erros do PXOM, e, en particular, sobre o edificio situado en Avda. Sada y sus Contornos" do 25.01.2022, asinado por Íñigo De Miranda Osset e informe xurídico de secretaría do 17.02.2022.

O pleno o 24.02.2022 adopta o seguinte acordo:

"Primeiro.- Aprobar provisionalmente o Documento de corrección de erros, de xuño de 2021, redactado por Monteoliva Arquitectura S.L.P. no referido exclusivamente ao punto 3. Elemento do patrimonio histórico catalogado co código 8.6 e 4. Acción de sistema local de equipamento SLE-04(Pb) en Mosteirón, co anexo dixital que o acompaña, nos termos e efectos do disposto no artigo 109.2 da LPAC.

Segundo.- Remitir o presente acordo xunto co Documento de corrección de erros, debidamente dilixenciado conforme ao disposto nas Normas Técnicas de Planeamento (Orde de 10 de outubro de 2019) á Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, para a súa aprobación definitiva, publicación no DOG e inscrición de oficio no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co artigo 88 da Lei do Solo de Galicia e artigo 212.1 do seu Regulamento. Xuntarase copia dos informes emitidos obrantes no expediente.

**Terceiro.- Iniciar o expediente de modificación puntual do plan xeral, e que se tramite coa maior dilixencia posible, en relación aos puntos 1. Liña de soportal en Rúa Betanzos e 2. Aliñación e liña de soportal en planta baixa en Avda. Sada y sus contornos do Documento de corrección de erros, de xuño de 2021, redactado por Monteoliva Arquitectura S.L.P., avaliándose desde os servizos municipais as motivacións públicas do mesmo.**

Cuarto.- Facúltase ao alcalde-presidente para a execución do presente acordo".

O 04.03.2022 Francisco Javier Ferreiro Pico, en representación de O MEU LAR, S.L.U, afectado polo apartado terceiro do acordo, o 04.03.2022 presenta recurso de reposición contra o acordo plenario.

O informe de secretaría do 21.03.2022, que analiza o recurso presentado sinala:

"I

#### En canto ao recurso

Cómpre sinalar en primeiro lugar a redacción literal do art. 112.1 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece:

**"Contra las resoluciones y los actos de trámite, si estos últimos deciden directa o indirectamente el fondo del asunto, determinan la imposibilidad de continuar el procedimiento, producen indefensión o perjuicio irreparable a derechos e intereses legítimos, podrán interponerse por los interesados los recursos de alzada y potestativo de reposición, que cabrá fundar en cualquiera de los motivos de nulidad o anulabilidad previstos en los artículos 47 y 48 de esta Ley".**

De forma que, como se sinala en negrita, só determinados actos de trámite cualificados son susceptibles de recurso:

- se deciden o fondo do asunto.
- se impiden continuar o procedemento.



- se producen indefensión ou prexuízo irreparable aos dereitos ou intereses lexítimos.

O recorrente para pretender que se teña en conta a aplicación deste artigo respecto do apartado terceiro do acordo plenario transcrito, alega:

- “Determina la imposibilidad de continuar el procedimiento de corrección de errores”: Non é viable seguir este argumento, xa que o que a lei establece cando se refire á imposibilidade de continuar o procedemento é ao procedemento sobre o que o acordo que se impugna decide, non de outro procedemento que lle puidera afectar. Polo que o motivo do recurso debe centrarse no procedemento sobre o que se acorda, non outro distinto.

- “Especialmente, produce un perjuicio irreparable a derechos e intereses legítimos, en relación con la ejecutoria del PO 333/2008, que se sigue en el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo de A Coruña, por cuanto dificulta la legalización efectiva del inmueble situado en la Avenida Sada y sus Contornos n.º 3, habiendo declarado la STSX de Galicia nº 180/2021 de 9 de abril, al respecto de este procedimiento que se “evidencia que la demolición no era un hecho necesariamente indefectible e inamovible”, siendo por lo tanto la edificación susceptible de legalización, tal y como además indicó la STSX de Galicia nº 319/2020, de 26 de junio, al respecto de la impugnación del PXOM”. Os supostos prexuízos que se podan derivar dun procedemento xudicial así como a defensa dos dereitos e intereses que lle podan afectar a unha parte dun procedemento xudicial deben defenderse/alegarse no Xulgado e non son a consecuencia dun procedemento administrativo que poda influír ou non xa sinalado polo Xuíz en sentenzas e resolucións previas.

Neste senso o recorrente figura como demandante no procedemento xudicial PO 333/2008 e non pode atribuír as consecuencias que se derivaron del aos seus dereitos e intereses lexítimos ao acordado no pleno do 24.02.2022, nin moito menos pretender condicionar a vontade dun concelleiro á hora de emitir o seu voto ao que él considere mais favorable para os seus intereses de cara a evitar o cumprimento dunha sentenza e/ou plantexar no xulgado as alternativas máis favorables aos seus intereses como parte procesual.

O recorrente fai unha interpretación particular e a medida dos seus intereses do que é unha modificación dun plan xeral, así continúa argumentando (a negrita é nosa):

“Debe desconocer el Pleno de la Corporación de Sada, que la tramitación de una modificación puntual de plan general, tarda en torno a 18 a 24 meses, siempre y cuando se tramite con la celeridad y eficacia debidas, dado que requiere exactamente todos y cada uno de los trámites como si de la aprobación de un Plan General se tratarse, siguiendo el procedimiento previsto en el art. 60 de la Ley 2/2016 y todo ello ha de concluir con la aprobación definitiva por el órgano autonómico competente (la Consellería de Medio Ambiente, Territorio y Vivienda), al igual que la corrección de errores, en virtud de la competencia otorgada por el art. 61.1 de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del Suelo de Galicia”.

Sen ter en consideración o máis mínimo que a tramitación dun plan xeral conleva un trámite de información ao público precisamente por algún motivo, que é a participación pública (e non privada ou interesada) no planeamento, cuestión que debe estar representada polos concelleiros que integran os órganos con competencias en materia de urbanismo, que actúan en representación do interese público.

É preciso tamén mencionar a técnica, cando menos absurda, de pretender simular que o pleno acordou o que non se someteu a votación, cando afirma encabezando o escrito (a negrita é nosa) que “El pleno del Ayuntamiento de Sada en la sesión realizada el 24 de febrero de 2022, acordó no aprobar provisionalmente el expediente de corrección de errores según el documento técnico elaborado por el equipo redactor del Plan General de Ordenación Municipal de Sada de 2017, “Monteoliva Arquitectura S.L.P.”. O ditame negativo da comisión informativa de urbanismo emendouse por un concelleiro no pleno e, como consecuencia, someteuse a votación coa emenda, resultando aprobada a mesma, polo que o contido orixinal non foi sometido a votación, resultando que non foi acordado e como consecuencia non existe acto administrativo susceptible de recurso, como pretende o recorrente.

De forma que o acto de trámite consistente en “Terceiro.- Iniciar o expediente de modificación puntual do plan xeral, e que se tramite coa maior dilixencia posible, en relación aos puntos 1. Liña de soportal en Rúa Betanzos e 2. Aliñación e liña de soportal en planta baixa en Avda. Sada y sus contornos do Documento de corrección de erros, de xuño de 2021, redactado por Monteoliva Arquitectura S.L.P., avaliándose desde os servizos municipais as motivacións públicas do mesmo” non é un acto de trámite cualificado conforme ao sinalado no art. 112.1 da LPA, xa que, con arranxo aos motivos expostos:

- non decide sobre o fondo do asunto, xa que é un acto que abre un procedemento.

- non impide continuar o procedemento, senón que ao abrillo da a oportunidade de tramitalo, conforme ao procedemento legalmente establecido.

- non produce indefensión ou prexuízo irreparable aos dereitos ou intereses lexítimos, senón que en caso de que exista algún durante a tramitación do procedemento poderá alegarse en defensa deles dentro dun trámite ad hoc.

Tendo en conta que non cabe recurso contra o apartado terceiro do acordo plenario nin contra unha proposta de acordo que non se cheguo a someter a votación, non procede entrar a valorar as argumentacións esgrimidas polo recorrente en canto ao fondo.

O art. 116.c) da Lei 39/2015, establece como causas de inadmisión dos recursos tratarse dun acto non susceptible de recurso, polo que procede a inadmisión do recurso presentado.

## II

### En canto á competencia para a resolución do recurso



A competencia para a resolución do recurso é do Pleno, por ser o órgano competente para a aprobación do asunto que se recorre e pola mesma maioría esixida para a aprobación do mesmo, é dicir, maioría absoluta do número legal de membros (art. 47 Lei 7/85 e art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro en concordancia cos art. 60 e 61 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

#### CUARTO.- Conclusións

De canto antecede cabe concluír que, en base ós feitos e fundamentos de dereito expostos, procede inadmitir o recurso de reposición presentado por Francisco Javier Ferreiro Pico en representación de O MEU LAR, S.L.U o 04.03.2022, por tratarse o acto recorrido dun acto de trámite non cualificado, non susceptible de recurso de reposición”.

*Logo das dúbidas plantexadas por esta alcaldía emítese novamente informe xurídico pola secretaria o 23.05.2022, que conclúe:*

“De canto antecede cabe concluír que, en base ós feitos e fundamentos de dereito expostos, reitérase o informado o 21.03.2022, procedendo inadmitir o recurso de reposición presentado por Francisco Javier Ferreiro Pico en representación de O MEU LAR, S.L.U o 04.03.2022, por tratarse o acto recorrido dun acto de trámite non cualificado, non susceptible de recurso de reposición”.

*Conforme ao art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro en concordancia cos art. 60 e 61 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, propoño a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- Inadmitir o recurso de reposición presentado por Francisco Javier Ferreiro Pico en representación de O MEU LAR, S.L.U o 04.03.2022 contra o acordo plenario do 24.02.2022 por tratarse o acto recorrido dun acto de trámite non cualificado, conforme aos argumentos sinalados nos informes de secretaria do 21.03.2022 e do 23.05.2022.*

*Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado>>.*

Debátese o asunto, coas intervencións da sra. Pardo Fafián (PSOE); do sr. García Cotelo (PP); do presidente, sr. Portela Fernández (SM); e novamente da sra. Pardo, do sr. Portela e do sr. García.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (5 PP, 2 PSOE e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 7 (6 SM e 1 BNG).

Resultando aprobado por maioría absoluta dos asistentes o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Inadmitir o recurso de reposición presentado por Francisco Javier Ferreiro Pico en representación de O MEU LAR, S.L.U o 04.03.2022 contra o acordo plenario do 24.02.2022 por tratarse o acto recorrido dun acto de trámite non cualificado, conforme aos argumentos sinalados nos informes de secretaria do 21.03.2022 e do 23.05.2022.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado.

#### 7º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

##### A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 25 de abril (núm. 539) ata o 22 de maio do 2022 (núm. 704).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 25 de abril (núm. 539, do expediente 2022/G003/000563) ata o 22 de maio do 2022 (núm. 704, do expediente 2022/G003/000748), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.

##### B. Mocións.

##### 1ª.- Moción relativa a evitar novos atrasos na execución da obra de mellora do funcionamento hidráulico do río Maior segundo a alternativa aínda pendente de valorar.

O sr. García Cotelo (PP) xustifica a urxencia da moción, presentada polo grupo municipal do partido popular (PP).

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (5 PP, 1 PSOE, 1 BNG e 2 AV).



- Votos en contra: 6 (SM).
- Abstencións: Non se produciron.

A continuación, o sr. García Cotelos dá lectura á moción:

<<MOCIÓN PARA EVITAR NUEVOS RETRASOS EN LA EJECUCIÓN DE LA OBRA DE MEJORA DEL FUNCIONAMIENTO HIDRÁULICO DEL RIO MAYOR SEGÚN LA ALTERNATIVA AUN PENDIENTE DE VALORAR

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I.- El pleno celebrado el 24 de febrero de 2022, en relación con el “Convenio de colaboración entre la entidad pública empresarial Aguas de Galicia y el Ayuntamiento de Sada para la mejora del funcionamiento hidráulico del río Mayor en el Núcleo urbano de Sada”, se aprobó por unanimidad:

- 1.- Establecer a alternativa proposta por Augas de Galicia como a opción conforme á cal se redactará o proxecto constructivo que teña por finalidade a minoración do risco de inundación e que incluírá a renaturalización e recuperación do canle fluvial do río Mayor e a eliminación, no seu tramo final, da cobertura actual do río deixando o mesmo a ceo aberto.
- 2.- Realizar un simulacro de peatonalización da área afectada cun seguimento técnico e caixa para as suxestións por un tempo mínimo de tres meses, de acordo co estudo de tráfico disponible co obxecto de detectar os problemas que poidan xurdir e prever as solucións que melloren o proxecto.
- 3.- Solicitar os informes pendentes da Deputación, da Policía Local e técnicos municipais.
- 4.- Concluir o estudo dos servizos afectados e modelizacións hidráulicas.
- 5.- A vista do expediente completo, redactar o estudo de alternativas citado no convenio e tráelo o Pleno para valorar, entre todos, a máis adecuada.

II.- Los cuatro primeros puntos son de cumplimiento previo a la redacción del estudio de alternativas, pues es necesario el “expediente completo” para su valoración.

La realización del simulacro de peatonalización (punto 2 del acuerdo) en base al estudio de tráfico ya disponible, depende de su programación y coordinación por la alcaldía. Tiene por objeto “detectar os problemas que poidan xurdir e prever as solucións que melloren o proxecto” por lo que únicamente puede deducirse que su realización ha de ser previa a la terminación del proyecto.

El punto 3 se refiere a la documentación que se llevó al pleno de 24 de febrero de 2022, por lo que únicamente dependen de su coordinación por la alcaldía.

El punto 4 lo constituyen datos de información propios del proyecto encargado por Aguas de Galicia.

III.- Aguas de Galicia tiene manifestado que a mediados de este verano tendrá redactado el proyecto de mejora del funcionamiento hidráulico del río Mayor.

Mientras el gobierno municipal de Sada no ha cumplido hasta la fecha, con los acuerdos del pleno de 24 de febrero, por lo que es previsible un nuevo retraso en las obras a las que se refiere el citado convenio.

A la vista de las manifestaciones del portavoz de Sadamaoiria, grupo de gobierno y al que pertenece el alcalde, durante el pasado pleno ordinario de abril en el que ponía en cuestión los acuerdos alcanzados el 24 de febrero, y la literalidad de estos, es por lo que en aras a no retrasar más las obras, proponemos al pleno de la corporación el siguiente

#### ACUERDO

- 1.- Establecer a alternativa proposta por Augas de Galicia como a opción conforme á cal se redactará o proxecto constructivo que teña por finalidade a minoración do risco de inundación e que incluírá a renaturalización e recuperación da canle fluvial do río Maior e á eliminación, no seu tramo final, da cobertura actual do río deixando o mesmo a ceo aberto.
- 2.- Realizar un simulacro de peonización da área afectada cun seguimento técnico e caixa para as suxestións por un tempo mínimo de tres meses, de acordo co estudo de tráfico dispoñible co obxecto de detectar os problemas que poidan xurdir e prever as solucións que melloren o proxecto.
- 3.- Solicitar os informes pendentes da Deputación, da Policía Local e técnicos municipais.
- 4.- Concluir o estudo dos servizos afectados e modelizacións hidráulicas.
- 5.- Á vista do expediente completo, redactar o estudo de alternativas citado no convenio e traelo o Pleno para valorar, entre todos, a máis adecuada
- 6.- Os puntos 2 e 3 do acordo unánime plenario do 24 de febreiro de 2022, en relación co “Convenio de colaboración entre a Entidade Pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Sada para a millora do funcionamento hidráulico do río Maior, no núcleo urbano de Sada”, serán programados e coordinados con anterioridade a entrega do proxecto por Augas de Galicia, de xeito que as conclusións destes estudos estén previstos no mesmo, e isto non supoña un novo retraso na obra segundo a alternativa aínda pendente de valorar >>.



O presidente di que hai unha emenda, do grupo municipal de sadamaioría, que le polo seu grupo o sr. Fariña Andrade:

<<O “Estudo de tráfico da afección da peonalización en Sada, A Coruña”, realizado sobre a proposta, máis acada tanto hidráulica coma ambientalmente, de apertura e renaturalización do río Maior efectuada por Augas de Galicia, establece como conclusión definitiva a seguinte: “... cabe concluír que as obras de peonalización e canalización do río Maior son compatibles co tráfico do entorno no que se atopan, provocando unha afección sobre a infraestrutura baixa que se propón mitigar coas propostas recollidas no presente estudo”.

Tendo en conta o anterior e establecendo como prioridade o obxectivo de axilizar o inicio dos traballos, procederase, unha vez redactado o “Proxecto construtivo de melloras estruturais para a redución do risco de inundación da area de risco potencial significativo de inundación (ARPSI) fluvial ES014-CO-120201 río Maior (Sada-A Coruña) e unha vez aprobada polo pleno municipal a execución do mesmo , á realización dunha simulación, do xeito máis fiel posible, do estipulado e establecido no proxecto anteriormente mencionado e dentro do período inmediatamente anterior ao inicio das obras (1 mes) para evitar deste xeito duplicidades, incrementos dos gastos, aumentos nos tempos de tramitación e outras posibles circunstancias que poidan incidir negativamente no comezo e desenvolvemento dos traballos>>.

Prodúcese o debate, coas intervencións da sra. Nogareda Marzoa (AV), quen di que o seu grupo concorda coa moción do grupo municipal do partido popular; do sr. Fariña Andrade (SM); da sra. Rodríguez Pena (BNG), quen indica que o seu grupo está de acordo coa emenda do grupo municipal de sadamaioría; da sra. Pardo Fafián (PSOE), quen solicita do grupo do partido popular que se pronuncie antes sobre se acepta ou non a emenda presentada por sadamaioría á súa moción; do sr. García Cotelo (PP), quen aclara que non aceptan a dita emenda; do sr. Fariña Andrade (SM), quen di que o seu grupo mantén a súa proposta (emenda) para o acordo; novamente da sra. Nogareda, quen di que seguen a apoiar a moción; outra vez das sras. Rodríguez e Pardo, do sr. García, do sr. Fariña, da sra. Nogareda e de novo da sra. Pardo e do sr. García, pechando o debate o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

A continuación, procédese á votación da emenda, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 7 (6 SM e 1 BNG).
- Votos en contra: 8 (5 PP, 1 PSOE e 2 AV).
- Abstencións: Non se produciron.

Deseguido, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (5 PP, 1 PSOE e 2 AV).
- Votos en contra: 7 (6 SM e 1 BNG).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por maioría absoluta dos presentes o seguinte **ACORDO**:

Engadir un apartado 6 á moción aprobada o 24.02.2022:

6.- Os puntos 2 e 3 do acordo unánime plenario do 24 de febreiro de 2022, en relación co “Convenio de colaboración entre a Entidade Pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Sada para a mellora do funcionamento hidráulico do río Maior, no núcleo urbano de Sada”, serán programados e coordinados con anterioridade á entrega do proxecto por Augas de Galicia, de xeito que as conclusións destes estudos estean previstos no mesmo, e isto non supoña un novo atraso na obra segundo a alternativa aínda pendente de valorar.

Quedando redactada a dita moción como segue:

1.- Establecer a alternativa proposta por Augas de Galicia como a opción conforme á cal se redactará o proxecto construtivo que teña por finalidade a minoración do risco de inundación e que incluírá a renaturalización e recuperación da canle fluvial do río Maior e á eliminación, no seu tramo final, da cobertura actual do río deixando o mesmo a ceo aberto.



- 2.- Realizar un simulacro de peonalización da área afectada cun seguimento técnico e caixa para as suxestións por un tempo mínimo de tres meses, de acordo co estudo de tráfico dispoñible co obxecto de detectar os problemas que poidan xurdir e prever as solucións que melloren o proxecto.
- 3.- Solicitar os informes pendentes da Deputación, da Policía Local e técnicos municipais.
- 4.- Concluir o estudo dos servizos afectados e modelizacións hidráulicas.
- 5.- Á vista do expediente completo, redactar o estudo de alternativas citado no convenio e traelo o Pleno para valorar, entre todos, a máis adecuada
- 6.- Os puntos 2 e 3 serán programados e coordinados con anterioridade á entrega do proxecto por Augas de Galicia, de xeito que as conclusións destes estudos estean previstos no mesmo, e isto non supoña un novo atraso na obra segundo a alternativa aínda pendente de valorar.

## **2ª.- Moción relativa á modificación do posto de traballo denominado Técnico de administración xeral de urbanismo.**

A sra. Nogareda Marzoa (AV) xustifica a urxencia da moción, presentada polo grupo municipal de alternativa dos veciños (AV).

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (5 PP, 1 PSOE, 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 6 (SM).
- Abstencións: Non se produciron.

A continuación, a sra. Nogareda Marzoa dá lectura á moción:

<<María Nogareda Marzoa, voceira do grupo municipal de Alternativa dos Veciños, ao abeiro do art. 64 do ROM presentan a seguinte  
**MOCIÓN**

*Logo de ter comprobado que no departamento de Urbanismo é preciso un cambio organizativo e de estruturación do persoal co obxectivo de poder adecuar as funcións do mesmo á satisfacción das demandas crecentes do usuario da área técnica, orientando a estrutura do departamento a un perfil marcadamente técnico encabezado polo funcionario ou funcionaria que ocupe o posto de arquitecto.*

*Tendo en conta a traxectoria e antecedentes do posto de traballo de TAX de urbanismo, de perfil xurídico, que na actualidade ten o código 090002, así como a dificultade na cobertura do mesmo nos últimos anos, faise necesario adecuar as súas funcións á realidade do departamento de urbanismo, potenciando desde a estrutura organizativa o carácter técnico da área.*

*Ademais no departamento de secretaría existe cada vez mais volume de traballo, polo que é preciso que se optimicen os recursos existentes na área xurídica incorporando ao TAX de urbanismo no dito departamento, especialmente para permitir unha actuación coordinada que evite ou minimize a duplicidade de trámites e informes en todos os informes xurídicos, cuestión que se puxo de manifesto en varias ocasións.*

*Polo que é oportuno encadrar a praza de TAX de urbanismo na área de secretaría e ademais das funcións urbanísticas que ha de seguir realizando, débese adecuar o posto de traballo para que poidan encomendárselle ocasionalmente, outras funcións relacionadas cos servizos de secretaría.*

*Ademais, o posto de TAX de urbanismo foi modificado no ano 2007 para engadir na súa ficha a “ Xefatura e coordinación dos servizos xurídico-administrativos de urbanismo” e “Compulsa de documentos que vaian a surtir efectos na área de urbanismo” e con dito motivo aumentar o complemento específico de 11.466 € a 13.491 €, diferenciándose desde ese momento do TAX de secretaría de forma artificial e inxustificada, polo que é preciso, tamén, eliminar as ditas diferenzas e non continuar coas discriminacións cando a praza sexa novamente cuberta de forma regulamentaria.*

*Estando a praza vacante e ofertada na OEP 2021 procede acometer de urxencia a modificación citada para que estea definitivamente aprobada cando sexa ocupada polo futuro titular da praza.*

*Polo que se propón a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- Iniciar o expediente de transformación do posto de traballo denominado Técnico de administración xeral de urbanismo, co código 090002, en Técnico de administración xeral de secretaría, co código 010015, pasando a ter a mesma retribución e ficha da RPT que o TAX de secretaría, co código 010002, salvo no referido ás funcións e características ou funcións máis destacables que terá as seguintes equivalentes:*



- *Funcións: Tarefas de xestión, estudio e proposta de carácter administrativo de nivel superior en materia de urbanismo e en relación con todos os asuntos e materias de que coñece a Secretaría municipal e que lle sexan encomendados por esta, e en función da dispoñibilidade do servizo, as que lle poida encargar a Secretaria Municipal sobre outras materias. Coordinación baixo a dependencia da secretaría municipal e do arquitecto, dos servizos xurídico-administrativos de urbanismo*".

- *Características ou funcións máis destacables: coordinación da tramitación administrativa dos expedientes urbanísticos, emisión de todos os informes xurídicos en materia de urbanismo. Tramitación administrativa dos expedientes ou materias encomendados pola secretaría. Apoio ao Secretario Xeral e substitución do mesmo cando proceda, como Secretario accidental*

*Segundo.- Incorporar o informe de secretaría ao expediente, e no caso de considerarse preciso, o de intervención, para que unha vez negociado se inclúa o expediente tramitado na vindeira sesión ordinaria do pleno>>.*

Debátese a moción, coas intervencións da sra. Rodríguez Pena (BNG), quen anuncia que o seu voto será en contra; da sra. Pardo Fafián (PSOE); da sra. Salorio Porral (PP); da sra. Taibo Fernández (SM), quen avanza que o voto do seu grupo será en contra; da sra. Nogareda Marzoa (AV); e novamente da sra. Salorio.

A continuación, procédese á votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (5 PP, 1 PSOE e 2 AV).
- Votos en contra: 7 (6 SM e 1 BNG).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por maioría absoluta dos presentes o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Iniciar o expediente de transformación do posto de traballo denominado Técnico de administración xeral de urbanismo, co código 090002, en Técnico de administración xeral de secretaría, co código 010015, pasando a ter a mesma retribución e ficha da RPT que o TAX de secretaría, co código 010002, salvo no referido ás funcións e características ou funcións máis destacables que terá as seguintes equivalentes:

- *Funcións: Tarefas de xestión, estudio e proposta de carácter administrativo de nivel superior en materia de urbanismo e en relación con todos os asuntos e materias de que coñece a Secretaría municipal e que lle sexan encomendados por esta, e en función da dispoñibilidade do servizo, as que lle poida encargar a Secretaria Municipal sobre outras materias. Coordinación baixo a dependencia da secretaría municipal e do arquitecto, dos servizos xurídico-administrativos de urbanismo*".

- *Características ou funcións máis destacables: coordinación da tramitación administrativa dos expedientes urbanísticos, emisión de todos os informes xurídicos en materia de urbanismo. Tramitación administrativa dos expedientes ou materias encomendados pola secretaría. Apoio ao Secretario Xeral e substitución do mesmo cando proceda, como Secretario accidental*

*Segundo.- Incorporar o informe de secretaría ao expediente, e no caso de considerarse preciso, o de intervención, para que unha vez negociado se inclúa o expediente tramitado na vindeira sesión ordinaria do pleno.*

Sendo as 21:40 horas auséntase o Sr. Tellado.

### C. Rogos e preguntas.

O presidente, sr. Portela Fernández, dá lectura a unha pregunta presentada por escrito polo grupo municipal do partido popular:

*<<Instar o Sr. Alcalde a manifestar a súa postura en relación coa proposta de creación dun consorcio de transporte público na área da Coruña e, no seu caso, a concretar o seu modelo, os novos servizos que se prestarán, a súa estrutura e financiamento, clarificando o impacto que a súa constitución terá no billete e, polo tanto, a repercusión no peto dos cidadáns>>.*

Contesta o propio sr. Portela.



---

A sra. Nogareda Marzoa fai os seguintes rogos:

1º) Roga que se reflexione sobre se facer oposición dentro do goberno significa non poder cuestionar nada nin pedir explicacións sobre o que consideran que non está ben feito, apelando ao seu dereito á discrepancia.

2º) Roga que se reflexione sobre se poden considerarse deslealdade ou non unha serie de exemplos que relaciona con respecto da actitude adoptada por unha parte do goberno, facendo fincapé en que a lealdade hai que tela coa veciñanza.

3º) Roga que se expoñan publicamente os casos concretos que se consideren de deslealdade por parte do seu grupo, defendendo o seu dereito ao senso crítico e á obxectividade.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) fai os seguintes rogos da sesión ordinaria anterior, pendentes:

1º) Roga que se lles dea acceso á documentación relativa á urbanización Riobao 62B, á que aínda non tiveron acceso. Contesta o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

2º) Roga, logo dunha exposición sobre a documentación, que se debata sobre as funcións e a re-clasificación e integración do empregado público auxiliar no corpo da policía local, para coñecer a posición dos distintos grupos municipais. Debátese, coas intervencións da sra. Nogareda Marzoa (AV); da sra. Rodríguez Pena (BNG); da sra. Salorio Porral (PP); e do presidente, sr. Portela Fernández (SM). A sra. Nogareda, no transcurso do debate, manifesta que desexa que conste na acta que non cuestionaron en ningún momento a profesionalidade do dito empregado.

A sra. Pardo fai ademais os seguintes rogos:

1º) Roga novamente que se abra un expediente informativo segundo xa o ten interesado antes con respecto dos feitos ocorridos nas dependencias policiais ao se lle negar o acceso para a consulta dunha documentación, nomeadamente polo ocorrido o pasado 30 de decembro en que di que o xefe acctal. negouse a estender unha dilixencia (para os efectos de deixar constancia), indicando que co apoio dos grupos municipais de Alternativa e do PP solicitou un informe xurídico á secretaría ao respecto das consecuencias legais de non dar acceso á documentación a que teñen dereito os membros da corporación no prazo que marca a normativa.

2º) Roga que se dean as instrucións pertinentes para que canto antes se poña a disposición do seu grupo a documentación solicitada relativa ao amaño das fochancas efectuado na avenida de Sada y sus Contornos.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) pregunta á sra. Rúa Prieto (SM), concelleira delegada de medio ambiente e normalización lingüística, no que atinxe a unha pregunta da sesión ordinaria anterior, relativa a un recheo levado a cabo en Lácere, pola persoa responsable da carencia de impulso do expediente no que consta un escrito do Seprona do 05 de xaneiro no que se indica que polos feitos denunciados se solicita o inicio do procedemento sancionador correspondente, a comunicación da súa iniciación ou non e a resolución que puidese recaer. Contesta a sra. Rúa e prodúcese un pequeno debate, no que interveñen tamén o presidente, sr. Portela Fernández (SM), e a sra. Nogareda Marzoa (AV).

A sra. Pardo formula ademais as seguintes preguntas:

1ª) Pregunta se está xa publicada a licitación do servizo de avogados e procuradores.

2ª) Pregunta pola veracidade do publicado nos medios de comunicación recentemente sobre o accidente sufrido por unha menor no parque infantil do paseo marítimo ao pouco da súa inauguración así como por cantas reclamacións patrimoniais están pendentes de resolver que teñan que ver co mal estado dos parques infantís. Contesta o presidente, sr. Portela Fernández (SM). Seguidamente, a sra. Pardo fai un terceiro rogo, para que na





seguinte sesión ordinaria se permita ler o ditame do Consello Consultivo a que se referiu o presidente na súa resposta.

3ª) Pregunta á sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada de Facenda, Administración local, Administración electrónica, Contratación e Seguridade Cidadá, se se están a cubrir todas as quendas da policía local con persoal suficiente, mesmo para dar resposta coa atención ás situacións de pelexas, accidentes de tráfico ou a procura de desaparecidos, e se pensa que a veciñanza de Sada merece esa desatención. Contesta a sra. Taibo, producíndose un pequeno debate.

4ª) Pregunta ao alcalde, sr. Portela Fernández (SM), sobre quen recibe a distribución como destinatario do rexistro 11, que corresponde á alcaldía.

5ª) Pregunta, novamente á sra. Taibo, explicando que hai xa sentenza no procedemento iniciado como consecuencia dun atestado ao que indica que non se lle quixera dar o acceso, polo seu coñecemento sobre as funcións que lles corresponden ou non aos auxiliares da policía local cando non estean acompañados por un axente da autoridade, así como tamén pola súa uniformidade. Contesta a sra. Taibo, producíndose un pequeno debate.

O sr. García Cotelos (PP) roga á sra. Nogueira Marzoa (AV), concelleira delegada de educación e deporte, que deixe dentro do posible fóra do debate plenario os mitíns, reprobándoa por vir de aprobar por tres anos todas as propostas do goberno, mesmo para o exemplo facturas con irregularidades segundo o informe de intervención, como o resto do goberno, os recoñecementos extraxudiciais de crédito. A sra. Nogueira dá resposta, producíndose un pequeno debate co sr. García.

A sra. García Freire (PP) roga ao sr. Blanco González (AV), concelleiro delegado de promoción da saúde, cohesión social e voluntariado, logo dunha exposición sobre as dificultades que presenta o centro de saúde no canto do acceso tanto telefónico como físico en particular para as persoas maiores, que tente xestionar coa dirección do dito centro que polo menos se conteste ao teléfono; o que estende tamén para o caso do concello. Dá resposta o sr. Blanco, entrando nun pequeno debate coa sra. García.

A sra. Salorio Porral (PP) formula as seguintes preguntas:

1ª) Dá traslado dunha pregunta do sr. Tellado Villares, do seu grupo municipal, que tivo que marchar da sesión, sobre se se lle vai dar o acceso solicitado o 09 de maio ao expediente 2022/G003/000597, relativo á indemnización de 100.000 euros á SGAE por sentenza e máis pola razón de que non estivese incluída no orzamento do 2022. Contesta o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

2ª) Pregunta ao sr. Blanco González (AV), concelleiro delegado de promoción da saúde, cohesión social e voluntariado, pola reactivación da agrupación do voluntariado en protección civil, que trámites faltan para que a agrupación volva funcionar, se se contou coa secretaria para os efectos ou se non considera necesario este servizo para Sada. Contesta o sr. Blanco, producíndose un pequeno debate.

A sra. Salorio Porral (PP) roga, segundo di trasladando unhas reclamacións de veciños de Carnoedo que non obtiveron resposta, que de cara ao estío e para facilitar o seu acceso se instale unha varanda na praia (cala) do Lourido e unha escaleira para a baixada á praia (cala) dos Lobos (perdida polos temporais). O presidente, sr. Portela Fernández (SM), fai un comentario sobre dun traslado que di que xa se fixo a Costas para os efectos.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 22 horas e 39 minutos do día xoves 26 de maio do 2022, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:



Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2022/G010/000009

---

[https://sede.sada.gal/gl/portal\\_transparencia/Relevancia\\_Juridica/Normativa/Normativa.html](https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html).

---

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).